

SENDEIRISMO

O vindeiro **sábado 16 de marzo** a Asociación Arrincadeira organiza unha saída a **Asturies**.

Pola mañán achegarémonos ata o concello de Pesoz para facer a **“Ruta do Agüeira” (PR.AS-117)**, que nos levará ata o pobo de Argul, que representa unha das maiores singularidades arquitectónicas do occidente asturiano cos seus pasaxes subterráneos baixo as casas (“túneles de las callejas”).

A duración do roteiro será dunhas tres horas, e ten unha dificultade baixa.

Xa pola tarde visitaremos o museo etnográfico de Grandas de Salime, que nos permitirá coñecer multitude de obxectos antigos, así como os utensilios que se empregaban nos diversos oficios practicados na zona.

O custe da actividade é de 6 euros para @s soci@s e 12 euros para @s non soci@s e inclúe o desprazamento e a comida.

Os interesad@s en vir connosco poden inscribirse chamando ó teléfono 982-346453 (Santi) ou falando cos membros da directiva.

Asociación ARRINCADEIRA